



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O
CONCELLO DE LALÍN PARA A CELEBRACIÓN DA XXII GALA DE
GASTRONOMÍA DE GALICIA- PREMIOS DE GASTRONOMÍA DE GALICIA-
PREMIOS DE XORNALISMO GASTRONÓMICO ÁLVARO CUNQUEIRO, NA FEIRA
DO COCIDO DE LALÍN**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co concello de Lalín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14 de marzo de 2016 ata o 1 de abril de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Lalín para a realización de diversas actuacións dentro da celebración da Feira do Cocido 2016.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das

súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

2.- A Gala de Gastronomía de Galicia, Premios de xornalismo gastronómico “Álvaro Cunqueiro” é un evento de carácter singular e de prestixio, vinculado a unha das principais motivacións polas que se visita Galicia: a gastronomía, e aglutina toda unha serie de actividades como son a convocatoria do Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”, os Premios de xornalismo gastronómico de Gastronomía de Galicia e a Matanza Tradicional do Porco.

3.- O concello de Lalín, que é a única entidade organizadora, ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo gastronómico coa celebración da Feira do cocido, evento no que se realiza esta gala, a cal posiciónase coma o evento mais adecuado para a presentación e expansión de todos os produtos vinculados ao turismo gastronómico.

Por todo isto dificúltase a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o

recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos